

**ACTA NÚMERO: 08/2024**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 7 DE MARZO DE 2024.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 7 de marzo de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 29 de febreiro de 2024 (Reunión 7/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola Real Academia Galega para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cesión á Deputación de Pontevedra de tres lenzos de Castela e un de Luis Mosquera para a súa exhibición ao público no Museo de Pontevedra. (Expte.- 2024004895).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Edicións Bolanda, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación do servizo de realización dunha actividade didáctica e divulgativa de promoción e coñecemento do territorio do río Miño Transfronteirizo destinada á infancia. (Expte.- 2023072621).*
4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización da Rúa Condasa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)". (Expte.- 2023056043).*
5. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de limpeza para a Escola Universitaria de Enfermería dependente da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023071095).*
6. *Solicitud de empresas para participar no sistema dinámico de adquisición convocado para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros para Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022015213).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



**1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 29 de febreiro de 2024 (Reunión 7/2024).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 29 de febreiro de 2024 (Reunión 7/2024).

**2. Dar conta da oferta presentada pola Real Academia Galega para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cesión á Deputación de Pontevedra de tres lenzos de Castelao e un de Luis Mosquera para a súa exhibición ao público no Museo de Pontevedra. (Expte.- 2024004895).**

Por Resolución Presidencial nº 2024001592, de data 26 de febreiro de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, para a cesión á Deputación de Pontevedra por parte da Real Academia Galega de tres lenzos de Castelao e un de Luis Mosquera para a súa exhibición ao público no Museo de Pontevedra.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á Real Academia Galega (Q1568003F), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 26/02/2024.

A Real Academia Galega (Q1568003F) presentou a correspondente proposición e unha vez examinada a documentación, a entidade resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	11.570,25 €
IVE 21%	2.429,75 €
Importe total ofertado	14.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola Real Academia Galega (Q1568003F) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cesión á Deputación de Pontevedra por parte da Real Academia Galega de tres lenzos de Castelao e un de Luis Mosquera para a súa exhibición ao público no Museo de Pontevedra.

**3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Edicións Bolanda, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación do servizo de realización dunha actividade didáctica e divulgativa de promoción e coñecemento do territorio do río Miño Transfronteirizo destinada á infancia. (Expte.- 2023072621).**

O Secretario da Mesa informa que por Resolución Presidencial número 2024001584 de data 26/02/2024 aprobouse o expediente de contratación, para a adxudicación mediante



procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da realización dunha actividade didáctica e divulgativa de promoción e coñecemento do territorio do río Miño Transfronteirizo destinada á infancia.

Na citada Resolución acordouse invitar á empresa Edicións Bolanda, S.L. (CIF B15969066), a presentar proposición económica, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado dende a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 27/02/2024.

A empresa Edicións Bolanda, S.L. (CIF B15969066), presentou a correspondente proposición e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE (deseño libro)	21.861,44 €
Importe sen IVE (Festa presentación)	1.900,00 €
Importe total sen IVE .....	23.761,44 €
IVE 4%	874,46 €
IVE 21%	399,00 €
TOTAL IVE .....	1.273,46 €
Importe total ofertado (deseño libro)	22.735,90 €
Importe total ofertado (Festa presentación)	2.299,00 €
Importe total ofertado.....	25.034,90 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa, Edicións Bolanda, S.L. (CIF B15969066), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de realización dunha actividade didáctica e divulgativa de promoción e coñecemento do territorio do río Miño Transfronteirizo destinada á infancia.

#### **4. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización da Rúa Condosa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)". (Expte.- 2023056043).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria celebrada o día 22/12/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra "Urbanización da Rúa Condosa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)", cun orzamento base de licitación de 704.482,97 € IVE. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de xaneiro de 2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 01/02/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da mencionada obra.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- VILARIÑO ESP, S.L.

A Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 19/02/2024, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	2,00	20,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	1,00	13,00
ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,00	2,00	24,00
VILARIÑO ESP, S.L.	14,00	1,00	15,00



A Mesa de Contratación na reunión de data 22/02/2024 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 19/02/2024, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

A Mesa de Contratación na reunión de data 22/02/2024 tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	546.061,63 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	540.297,69 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	534.184,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	546.119,86 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	525.975,14 €	3%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	577.093,82 €	3%	36 MESES	SI	NO
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	569.990,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
VILARIÑO ESP, S.L.	548.973,80 €	3%	36 MESES	SI	SI

A Mesa de Contratación procedeu a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE “B”
-------------	----------------------	-------------------	------------------	-------------------------	----------------------



UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	21,08	5,00	5,00	5,00	36,08
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	24,12	5,00	5,00	5,00	39,12
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	27,35	5,00	5,00	5,00	42,35
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	21,05	5,00	5,00	5,00	36,05
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	3,04	5,00	5,00	2,50	15,54
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	7,26	5,00	5,00	5,00	22,26
VILARIÑO ESP, S.L.	19,55	5,00	5,00	5,00	34,55

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	42,35	67,35
2ª	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	25,00	39,12	64,12
3ª	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	23,00	36,08	59,08
4ª	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	20,00	36,05	56,05
5ª	VILARIÑO ESP, S.L.	15,00	34,55	49,55
6ª	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	24,00	22,26	46,26
7º	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	13,00	15,54	28,54

3. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)”



á empresa CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....534.184,40 €  
IVE (21%) ..... 112.178,72 €  
Importe Total ..... 646.363,12 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (CIF A36008886), figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
  - a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
    - 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
    - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
    - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
  - b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 26.709,22 €

**5. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de limpeza para a Escola Universitaria de Enfermería dependente da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023071095).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo do Patronato da Escola Universitaria de Enfermería, de data 31/01/2024, aprobouse o expediente para a



contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de limpeza para a Escola Universitaria de Enfermería dependente da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 31/01/2024. Na mesma data, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 22/02/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da mencionada obra.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL, S.L. (B36835759)
- INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L. (A33116062)
- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A. (A28517308)

Os valores ofertados polos licitadores foron os seguintes:

**LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL, S.L. (B36835759)**

Prezo ofertado sen IVE	23.856,00 €
IVE (21%)	5.009,76 €
Prezo total ofertado	28.865,76 €

**INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L. (A33116062)**

Prezo ofertado sen IVE	20.608,00 €
IVE (21%)	4.327,68 €
Prezo total ofertado	24.935,68 €

**EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A. (A28517308)**





Prezo ofertado sen IVE	25.306,00 €
IVE (21%)	5.314,26 €
Prezo total ofertado	30.620,26 €

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes cos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos (CSV: NDMJSG33BHGQ6FXJ) obsérvase que a oferta presentada por INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L. (A33116062) atópase en baixa temeraria, polo que con data 22/02/2024 practícase o correspondente requirimento para que o licitador xustifique os valores anormais da súa oferta. Con data 29/02/2024, o INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L. (A33116062) remite a documentación requirida (REX\_WEB2024013871), e con data 07/03/2024 os técnicos do Servizo de Contratación emite o correspondente informe (CSV: G3MVJPGGHWBKHF), no que deixa constancia de que quedan xustificadas os valores ofertados.

Os técnicos do servizo de Contratación tamén emiten informe sobre as puntuacións finais dos licitadores no procedemento, figurando o INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L. (A33116062) coa maior puntuación.

Polo exposto, a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de limpeza para a Escola Universitaria de Enfermería, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN
1ª	INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L. (A33116062)	97,242 puntos
2ª	LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL, S.L. (B36835759)	37,825 puntos
3ª	EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A. (A28517308)	5,337 puntos

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Patronato da Escola Universitaria de Enfermería, a adxudicación do contrato á empresa INSTITUTO MINUSVÁLIDO ASTUR, S.A.L. (A33116062), que alcanzou a maior puntuación.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.



3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle á empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, contados dende o día seguinte ó que reciba a notificación, presente o resto de documentación esixida, a través de Instancia Xenérica na sede electrónica da Deputación de Pontevedra, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3 % do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadarlle a mesma documentación á ou ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

**6. *Solicitud de empresas para participar no sistema dinámico de adquisición convocado para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros para Deputación de Pontevedra. (Expte.-2022015213).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros*, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse á Oficina de publicacións da Unión Europea, e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 20 de xullo do 2022, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarao ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos, entendendo, noutro caso, que a/o candidato desiste a súa inclusión.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.



Para as novas incorporacións no sistema, dentro do dez primeiros días de cada un dos meses será resolta a selección de todos aqueles empresarios que solicitasen a entrada no sistema desde a última resolución de selección.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, acordou aprobar a primeira prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros” do que forman parte as empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780), Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469), Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846), Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas categorías I e II deste sistema dinámico de adquisición, durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 19 de decembro de 2023, a empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943) presenta solicitude de adhesión. No obstante, a Xunta de Goberno do día 30 de xaneiro de 2024 acordou non admitir á empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943) por non cumprir cos criterios de selección establecidos no prego.

Solicitada novamente a súa inclusión no sistema dinámico, a Mesa procede á cualificación e avaliación da documentación presentada no sobre electrónico de solicitude de adhesión, co seguinte resultado:

Candidaturas presentadas		Bolfer, S.L. (NIF B36004943) Data presentación: 06/02/2024
DOCUMENTACIÓN	ROLECE/RCGA	
	Solicitude de adhesión Anexo I.	Categoría I
	Declaración responsable	✓
	Capacidade para contratar	✓
	Solvencia económica: Volume anual de negocios ≥ 60.000 euros.	✓
	Solvencia técnica Relación dos principais servizos últimos anos ≥ 60.000 euros, sen IVE.	✓
	Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social	✓
	Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria	✓
	Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas	✓

A Mesa de Contratación acorda:



- 1) Seleccionar á empresa Bolfer, S.L. (NIF B36004943) por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na *Categoría I: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2 Servizos de encadernación y acabado de libros 79971000-1* do Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.
- 2) Que, no caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I:

1. Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780)
2. Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469)
3. Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846)
4. Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871)
5. Tórculo Comunicación Gráfica S.A (CIF: A15056393)
6. Grafo, S.A. (CIF: A48203996)
7. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
8. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
9. Bolfer, S.L. (NIF B36004943)

Categoría II:

1. Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780)
2. Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469)
3. Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846)
4. Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871)
5. Tórculo Comunicación Gráfica S.A (CIF: A15056393)
6. Grafo, S.A. (CIF: A48203996)
7. Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
8. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dezasete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

